

O Consello da Cultura edita un facsímile de «Árbol», o poemario que Julio J. Casal editou en Galicia

Considerado un dos grandes poetas uruguaios do século XX, exerceu de cónsul na Coruña

T. MONTERO SANTIAGO / LA VOZ

Un especialista da diplomacia branda, dividido entre dous epítomes da modernidade urbana como eran nos anos 20 A Coruña e Montevideo. A alma da casa de América en Galicia e creador dun consulado da poesía, que foi modelando un boletín de tintes económicos e de proxección xeral nun produto cultural para mudalo na posterior revista *Alfar*, que reunía a toda a intelectualidade española e iberoamericana do momento, que se converteu nunha publicación fundamental para a difusión das correntes renovadoras e de vangarda.

Así resumía a profesora da USC Pilar Cagiao a figura de Julio José Casal, un dos grandes poetas uruguaios do século XX, que foi tamén cónsul entre 1913 e 1926, e neses anos desenvolveu unha profunda relación coa

Galicia na que tiña as raíces, xa que o seu pai era natural de Ribadeo. Agora, co gallo do centenario, o Consello da Cultura Galega vén de presentar unha edición facsimilar do seu poemario *Árbol*, que saíu do prelo na Coruña en 1925 e que foi ornamentado polo artista plástico Rafael Barradas, un amigo da infancia, xa que vivían preto un do outro.

«Este libro, *Árbol*, tuvo no menos de 14 reedicións entre la época gallega y la montevideana y sus poemas fueron parte de la enseñanza de los textos escolares en Uruguay», explicaba durante a presentación desta edición Pablo Eguren, neto de Casal, que durante a súa intervención no Consello da Cultura Galega leu tanto o poema *Árbol* como *Humo viajero*. «Cuenta mí tío Julio que este *Humo viajero* nació cuando el poeta iba con sus



O cónsul de Uruguai.

Julio J. Casal, retratado en 1950, foi cónsul do Uruguai, entre 1913 e 1926 residiu na Coruña, cidade na que en 1925 saíu do prelo o seu poemario «Árbol», unha obra que formou parte do currículo escolar de Uruguai.

ALFAR EDICIONES

hijos en una carreta por un pueblo cerca de A Coruña —porque veraneaban en distintos lugares cercanos a la ciudad— y se cruzan con otra carreta donde venía un árbol tumbado».

«Muchos cónsules, sobre todo de aquella época, se desligaban de sus actividades oficiales para dedicarse a estas cuestiones de promoción cultural o de desarrollo de aventuras literarias y culturales, como fue ciertamen-

te la de *Alfar*», dicía Ramiro Rodríguez Bausero, cónsul xeral do Uruguai, que compartía con Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega, que a edición facsimilar de *Árbol* é algo así como un corolario a unha relación histórica de ida e volta exemplificada en *Alfar*, «la idea de Julio J. en aquella Coruña de los años 20 que cristalizó en más de un tercio de siglo a ambas orillas del Atlántico».